



Código do documento	Código do expediente
URP16I02BA	UPO/2021/3
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4H6D 171M 135J 341A 0APR	

ANUNCIO

O Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha(1) praza de Conserxe-Colexio, en reunión de data 8 de febreiro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

“Procédese ao estudio do escrito presentado por unha aspirante en data 4 de febreiro de 2022(entrada 04/02/2022, núm. rexistro 2022/1170) que, transcrito di:

“O día 03/02/2022 celebrouse no salón de actos da Universidade Laboral o proceso selectivo de Conserxe do Concello, no que se deron as seguintes irregularidades.

-Obrigouse a todos os opositores, agás os que non tiñan o celga, a realizar o exame en galego alegando que non se tiñan copias suficientes en castelán. Máis da metade dos aspirantes solicitaron o exame en castelá, cando se comentou que estaban menoscabando os nosos dereitos coma opositores, o presidente do tribunal fixo caso omiso e fixo coma que non escoitaba. Incluso se propuxo por parte dos aspirantes que, dado que estábamos nun centro educativo, fosen a sacar máis copias, suxerencia que fixeron tamén coma que non escoitaban.

Esta omisión da facilitación do exame na lingua castelá menoscaba distintos dereitos establecidos pola lexislación:

–Artigo 3.1 da Constitución Española: El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla

–Artigo 51 do RD 2/2015 do Emprego Público de Galicia: las administraciones públicas incluídas en el ámbito de aplicación de la presente ley garantizarán los derechos constitucionales y lingüísticos de las personas tanto respecto al gallego , como la lengua propia y oficial de Galicia, como el castellano, lengua oficial en Galicia.

- O tribunal repartiu unhas follas de instrucións nas que se indicaba que non se podían marcar de ningunha maneira o sobre no que se tiña que introducir as respostas do exame. Asemade, ao dar as instrucións repetiu esta indicación.

Como xa se indicou no punto anterior, aos opositores que non tiñan o celga (unhas 4 o 5 persoas) si se lles facilitou o exame en castelá. Este exame o marcaron cunha letra (en relación a se era o exame tipo A ou o exame tipo B). Deste xeito, é facilmente identificable quenes son as persoas opositoras cando se corrixe o exáme, menoscabando o principio de igualdade que debe terse no acceso ao emprego público poisa o ser tan sinxelo identificar a un opositor poderíase modificar a súa nota fácilmente. O principio de igualdade queda reflexado nas seguintes leis:

- Artigo 23.2 da Constitución Española: Asimismo, tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad a las fuciones y cargos públicos, con los requisitos que señalen las leyes.

-Artigo 3B do RD 2/2015 de emprego público de Galicia: Igualdad, mérito y capacidad en el acceso y en la promoción profesional.

- Non se facilitaba unha copia das respostas entregadas, polo que á hora de facer calquera reclamación, non existe unha base sobre a cal facela. Asemade, calqueira podería cambiar as respostas de calquera dos exames.

Por todo o exposto, solicito a invalidez da citada proba e repetición da mesma. Atentamente(..).”

Visto escrito anteriormente transcrito.

1 de 2

Código do documento	Código do expediente
URP16I02BA	UPO/2021/3
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4H6D 171M 135J 341A 0APR	

Considerando , unha vez analizada con máis detemento a normativa de aplicación, que, sen que fose vontade do Tribunal facelo, o feito de non facilitar a todos/as os/as aspirantes que o solicitaron o enunciado das preguntas do primeiro exercicio en castelán por non dispor de exemplares suficientes nesta lingua, contravén o dereito daqueles a recibir na lingua que elixan os enunciados das preguntas, dereito recoñecido no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, polo que procede tomar en consideración a alegación presentada pola aspirantes e anular a proba tipo test realizada .

Considerando que, ao acordar a anulación da proba folga entrar no resto das alegacións formuladas.

Considerando que os exercizos realizados aínda non se corrixiron.

Considerando que a base 5.4 das da convocatoria faculta ao Tribunal para resolver cantas dúbidas e propostas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto nas bases e na convocatoria.

O Tribunal cualificador acorda por unanimidade:

Primeiro.- Anular a proba tipo test do primeiro exercicio da fase de oposición realizada en data 3 de febreiro de 2022.

Segundo.- Retrotraer as actuacións ao momento anterior á realización do primeiro exercicio tipo test ao obxecto de realizar unha nova proba.

Terceiro.- Comunicar aos/ás aspirantes que realizaron o exercicio o día 3 de febreiro de 2022 que o Tribunal designará outra data para a realización do primeiro exercicio unha vez culmine o proceso de notificacións deste acordo. A data do novo exercicio farase pública no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web, e notificarlo aos/ás aspirantes que concorreron o día 3 de febreiro de 2022 á realización do primeiro exercicio.

Quinta.- Determinar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a Concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal no prazo dun mes (1 mes) a contar a partir do seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da lei 39/2015, de 1 de outubro.

Culleredo, á data da sintaura dixital
O Presidente do Tribunal

A secretaria do Tribunal


VARELA
TEJEDOR, JAVIER
Xefe do gabinete
técnico
11/02/2022 11:47

PASTOR NOVO, PILAR MARIA
Secretaria xeral
11/02/2022 11:48

Rúa do Concello, 1:

ax: 981677646 -

2 de 2